CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ
UN PARLADOIRO DE IDEAS
PREMIO TRASALBA 2017

UN PARLADOIRO DE IDEAS

XUNTA DE GALICIA

Libro coeditado pola Xunta de Galicia,
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Fundación Otero Pedrayo.

Produción
Editorial Galaxia, S. A.

Coordinación editorial
Xosé Manuel Soutullo

Deseño da colección
Fausto C. Isorna

Maquetación
Hayat Husein

© dos textos e as fotografías, os autores
© Fundación Otero Pedrayo

Trasalba - Amoeiro

ISBN 978-84-697-3676-0
Depósito legal VG 432-2017

Impreso en
Gráfica Lasa, S. L.

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

UN PARLADOIRO DE IDEAS

EDICIÓN

MARCELINO AGÍS VILLAVERDE

PREMIO TRASALBA, 2017

8 *Un parladoiro de ideas*
Fundación Otero Pedrayo

13 *Carlos Baliñas Fernández, pensador galego*
Marcelino Agís Villaverde

18 *Onde Otero Pedrayo se define*
Carlos Baliñas Fernández

24 LIBRO DE AMIGOS

26 *Ramón Piñeiro e Carlos Baliñas: filósofos e galeguistas*
Rocío Carolo Tosar

26 *Cando se fai o que se di e se di que se pensa*
Agustín Dosil Maceira

27 *O sentidiño como virtude política*
Xerardo Fernández Albor

28 *Sesenta e tres anos das nosas vidas*
X. L. Franco Grande

29 *O santuario galeguista de Trasalba. Ramón Otero Pedrayo e Carlos Baliñas Fernández*
Martín González Fernández

30 *Máis ca merecente*
Luís González Tosar

31 *O atlante de Quireza e a Sociedade Interuniversitaria de Filosofía (SIFA)*
Xosé Luís Pastoriza Rozas

32 *Carlos Baliñas e Xaime Isla: unha época fermosa*
Alba Iglesias Varela

33 *Carlos Baliñas: pintor de bisontes*
Carlos Mella

34 *Carlos A. Baliñas Fernández in Italia*
Antonio Pieretti

35 *Don Carlos*
Luís Reimóndez

36 *O legado filosófico de Carlos* Baliñas
Yakelín Rodríguez Agüero

38 FOTOBIOGRAFÍA

72 CRONOBIOGRAFÍA

Un parladoiro de ideas

Sería imposible atopar na Galicia actual alguén que con máis xustiza merecese o premio Trasalba deste ano que don Carlos Amable Baliñas. Sen dúbida é a persoa viva que tivo máis proximidade humana e intelectual con don Ramón —por imperativo cronolóxico nos seus últimos anos—, e tamén unha das persoas que máis leva feito polo estudo e difusión da súa obra. Un dato: o seu artigo máis antigo sobre Otero foi escrito en *La Noche* en 1958, hai case sesenta anos. Aínda ecoaba naquel mozo de vinte e oito anos que era, a palabra e emoción do seu vello profesor na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago. Desde aquela data, e especialmente desde o seu empeño na recompilación e publicación deses marabillosos artigos literarios que viron a luz no *Parladoiro* do xornal *La Noche*, a relación entrambos intensificouse ata ser el un dos báculos en que don Ramón pousou a súa vellez. Ducias son as cartas que existen desta amizade e nas que Otero vai manifestando o seu cariño e admiración por Carlos Baliñas ao longo da súa traxectoria.

Así, en xaneiro de 1970, ao ter noticias de que retornaba á Terra, para exercer a cátedra de Filosofía na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago, don Ramón escríbelle:

> Onte mesmo tiven unha das sadisfaccíon máis fondas da miña vida. Foi como un viño de remocicamento pra min. Vde. sabe

> canto amo a Universidade Compostelán. Miña dolor ao saber de unha cadeira valeira ou malamente levada é igual a un fermoso albre dos meus eidos e hourizontes tallado, dunha amada arquitectura esborrallada. Naceume e raiume o sol na cara ó sabelo a Vde. rexindo a cadeira máis importante da Universidade Compostelá.

Na emoción do contacto co vello alumno chega a consideralo como un herdeiro sentimental dos vellos amigos. Nun momento de 1972 en que don Ramón vivía atafegado por un complicado problema económico do que fixo confidencia a Baliñas, quen á súa vez alertou os amigos ourensáns, claves na súa resolución, escríbelle lembrando o último encontro:

> Dende que voltamos de Santiago non deixo de recordare as horas decorridas con Vde. e súa dona —b.ss.pp.— cheas de isa fraternidade espritual soio posibles no ambiente da Nosa Terra e sentida e vivida en infindo amore e espranza. Soio con Castelao, Risco, Lousada e algúns outros poucos pasei horas semellantes.

Estas palabras van moito máis alá da retórica ou do compromiso. Desde logo, amosa que o cariño e admiración de Baliñas cara ao seu profesor foi correspondido cunha amizade sincera e leal por parte do ourensán. Pero nada máis lóxico. A traxectoria de Baliñas móvese por paisaxes vivenciais ben amadas por Otero. Lembremos que don Carlos foi neno do Coro da Catedral de Santiago, seminarista en Compostela, estudante de Linguas Clásicas e Filosofía en Comillas, de Filosofía e Letras en Santiago, e que rematou, con premio extraordinario, os seus estudos de Filosofía na Complutense de Madrid. Posteriormente, foi profesor no ensino medio durante uns anos (1960-67), ata que accedeu á docencia universitaria, exercendo en Barcelona e Madrid, ata chegar a cátedra de Compostela, en 1970. Na capital de Galicia, será, con corenta anos, o impulsor da creación das licenciaturas de Filosofía, Pedagoxía e Psicoloxía nun tempo de reorganización xeral dos estudos da vella "Filosofía e Letras". Daquela exercerá de decano encargado de pór en marcha e pilotar nos seus primeiros anos, a nova Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, entre 1975 e 1981. Nela continúa exercendo ata 1990 a dirección do Departamento de Filosofía, que comezara coa súa chegada a Santiago vinte anos antes.

Esta traxectoria académica, estudos en Compostela, Madrid, e profesional, ensino medio ata catedrático en Compostela, resúltalle a Otero sumamente familiar e move, indubidablemente, á súa simpatía. Ademais, desde o asentamento de Baliñas en Santiago, os seus temas de investigación e reflexión, evolucionan. Desde a súa primeira etapa nos inicios dos sesenta centrada na Filosofía da Historia —tema da súa tese de doutoramento, en 1963, *La historicidad del ser*, e a segunda, centrada nas ideas filosóficas do crego e profesor da universidade compostelá Ángel Amor Ruibal —co premiado libro, entre outros, de *El pensamiento de Amor Ruibal* (1968)—, pasará a unha terceira máis centrada no pensamento galego. Aquí, dúas figuras lle son especialmente atractivas, Rosalía e Otero, aínda que se achega tamén a outros varios autores, como Castelao, Risco, Piñeiro, Ogando, e Xaime Isla Couto, o seu compañeiro na aventura demócrata cristiá do Partido Popular Galego —chegou a ser candidato ao Senado— nos tempos da transición política.

Sen dúbida, a Otero Pedrayo, nestes tempos en que se ía quedando sen amigos da súa xeración e nos que cada vez lle resultaban máis complicados os desprazamentos, resultáballe entrañable a figura dun ex-alumno catedrático de Filosofía da súa amada universidade e fondamente interesado na difusión do seu labor literario. Otero orientará e bendicirá a idea da nova publicación dos seus ensaios, novelas e artigos, aínda que verá só plasmado o primeiro volume, en 1973, das súas *Obras selectas. I. Parladoiro. Artículos*.

En agosto de 1972, avanzado o proceso de edición dese primeiro volume, onde Baliñas escolma artigos da súa traxectoria nos xornais e os agrupa para a súa lectura en quince epígrafes temáticas ("Xentiña da cidade", "Peto de ánimas", "A nova Galicia", "Cavilacións", "Faíscas da historia", "O engado dos libros, etc.) escríbelle don Ramón:

> Coido que os graves e fermosos estudos que vostede a algúns amigos adican á preparación dunha grande antoloxía —en realidade, nova publicación— das miñas obras de novela e ensaio e tamén á escolma de artigos meus de diferentes estilos e tempos, require, pola miña parte, ademais do meu fervente agradecemento, a expresión da miña total conformidade e aplauso, pois considero que con elas vostede mellora as miñas vellas páxinas e, en todo caso, atinxe maior claridade e eficacia de pensamento e fermosura —se a hai— de trama e urdime delas. Teña a chea confianza de que os textos traballados por vostede representan autenticamente o meu pensamento e deseo de forma.

Gabanzas semellantes lle dedica despois de ter na man a edición física do libro en 1973:

> Fiquei engaiolado coa arte superior de vostede escolmando e ordenando ramos votivos na pulente vexetación de tantos artigos e ensaios da miña xuventude […]. A edición saíu fermosa. Atraente. Por fóra o libro semella a pel dun amieiro novo polo abril sementado de gromos. Penso que o público o estimará xa como xentil e traballoso exercicio a laboura de vostede ceibando do tempo moitas boas intencións.

Anos despois, en 1983, Baliñas, dará á luz o segundo volume desas *Obras selectas* dedicado ao *Ensaio*. Agrupa dezasete pequenas pezas en apartados temáticos que levan por nome "A historia", "A paisaxe", "A aldea", "Literatura e arte", "Culturas alleas". Posteriormente, escribirá unha ampla obra, *Descubrindo a Otero Pedrayo*, 1991, e máis dunha ducia de artigos sobre distintas facetas do noso don Ramón.

A categoría dos colaboradores e colaboradoras deste libro homenaxe a Carlos Baliñas, reunidos polo eficaz traballo do seu discípulo e profesor na USC, Marcelino Agís Villaverde, amosa que esa gran simpatía é prestixio acadado ao longo dunha vida, que hoxe temos o pracer de premiar. Entre todas as achegas, comprácenos destacar a do primeiro presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor. O feito de que estea próximo a facer cen anos e o seu rol no comezo da autonomía hai máis de trinta e cinco anos, cremos que lle outorga un valor especial á súa colaboración.

Pensamos que Ramón Otero Pedrayo estaría encantado coa concesión deste premio Trasalba ao seu amigo Baliñas, e coas voces amigas que o acompañan. Nós, desde logo, tamén ▮

Fundación Otero Pedrayo
Trasalba, 25 de xuño de 2017

Ramón Otero Pedrayo, escultura de Buciños

Carlos Baliñas Fernández, pensador galego

Marcelino Agís Villaverde

Éncheme de ledicia tomar a palabra para facer a *laudatio* do profesor, amigo e mestre Carlos Amable Baliñas Fernández. Por mor desa vella teima de compartir cada luns as miñas matinacións e angueiras nas páxinas de *El Correo Gallego*, moitos coñecen xa a fonda emoción que me produciu a concesión do Premio Trasalba 2017 ao noso filósofo galego máis sobranceiro.

Abofé que poucas persoas teñen unha vinculación tan íntima con Ramón Otero Pedrayo, patriarca da xeración Nós e da cultura galega contemporánea, como Carlos Baliñas. Unha relación que naceu nas aulas da vella Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela nos anos cincuenta; que continuou despois nos lustros en que don Ramón foi, máis ca nunca, o señor de Trasalba, logo da súa xubilación como catedrático de Xeografía, e Carlos o seu amigo e conselleiro. O home que conseguiu editar o *Parladoiro* e os *Ensaios* de don Ramón, nesa delicada edición das *Obras selectas*, coas que a Editorial Galaxia nos agasallou nos anos setenta. E, por suposto, o Carlos Baliñas autor do mellor ensaio filosófico que se lle dedicou a Ramón Otero Pedrayo, titulado *Descubrindo a Otero Pedrayo*, publicado en 1991 na Fundación Universitaria de Cultura Coordenadas, unha pequena editora hai moitos anos desaparecida. ¡O que daría porque algunha institución sensible ao valor das cousas ben feitas axudase a reeditar esta obra sobre o pensamento de Otero, única no seu xénero!

E, aínda, podería falarlles do profesor que no curso académico 1984-85 nos deu clase de Estética, en substitución do titular da materia, que estaba a facer o servizo militar. Un ano en que puidemos gorentar a teoría estética de Ramón Otero Pedrayo, o *Ensaio sobre a paisaxe galega*, as achegas sobre literatura e arte de don Ramón, ou mesmo a súa filosofía da historia en obras de fondo calado filosófico, como o *Ensaio histórico sobre a cultura galega*. Todo iso e algunha cousa máis une para sempre as biografías de Otero Pedrayo e Carlos Baliñas.

Como poden imaxinar, non é tarefa doada resumir nesta breve peza toda unha vida, a de Carlos Baliñas Fernández, dedicada a Galicia e ao pensamento filosófico a partes iguais. Unha peza que escribo con eses dous anteollos que Ortega y Gasset chamou a perspectiva e a circunstancia, e que eu agora tomo prestados para falarlles en primeira persoa dun intelectual galego, dun filósofo, capaz de escribir tanto o *Diario dun xardineiro* como un estudo ontolóxico sobre a tarefa do historiador ou a análise icónica do discurso filosófico, mentres viaxa a Madrid no seu Seat 600 para negociar no Ministerio de Educación a creación da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, poñamos por caso. O investigador que sacou do esquecemento o pensamento do cóengo compostelán Ángel Amor Ruibal, publicando un completo ensaio na Editora Nacional de Madrid, co que obtivo o premio Ramón Lull do CSIC no ano 1968, ou que organizou un congreso de referencia en España sobre a obra de Amor Ruibal, creando na USC unha escola de estudos ruibalianos, de onde agromaron obras como as do profesor Barreiro Barreiro, Raña Dafonte e Torres Queiruga, entre outros. O mesmo filósofo que se encargou de reeditar os *Problemas fundamentais da Filosofía e o dogma*, mentres os tempos foron propicios. Non podo deixar

de mencionar tampouco o autor dunha obra que inaugurou a historia do pensamento galego, que hoxe conta cun pequeno espazo docente nas aulas da Facultade de Filosofía, titulada *Pensamento galego I*. Como moitos dos presentes lembrarán, esta obra, que glosa as páxinas máis selectas sobre pensamento filosófico de Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Castelao e Otero Pedrayo, foi publicada nos cadernos populares da editorial SEPT no ano 1977, e mantén aínda expectante o público galego agardando a aparición dun *Pensamento galego II*, como agardan os románticos lusitanos o regreso de don Sebastião que un día volverá, volverá…

Quixo o destino que eu soubese da existencia de Carlos Baliñas o mesmo día que pisei por vez primeira a Facultade de Filosofía da USC, situada daquela nun edificio da avenida Xoán XXIII. Foi un día solleiro de comezos de outubro do ano 1981, nas vésperas dun novo ano santo xacobeo. Cheguei cavilando na fonda responsabilidade de ser estudante universitario en Compostela para cursar a ciencia más antiga do mundo: a Filosofía. Matinaba en moitas cousas e lembraba, como esquecerme do asunto, a advertencia de miña nai: "¡Meu fillo! Vai con coidado que seica unha manchea de filósofos acabaron tolos de tanto pensar". Así de angustiado, coitadiño, cheguei á Facultade de Filosofía. Por sorte, cando estaba a piques de caer enriba de min e esmagarme coma un verme aquel edificio do saber, fitei de esguello unha estampa estrafalaria que, axiña, me roubou a conciencia. A carón da Facultade de Filosofía chantaran un SEAT 850 granate, sen rodas, sen motor, sen fiestras nin parabrisas, sen asentos e, por riba, completamente aboiado, no que se podía ler: "Baliñas, estás máis acabado ca este coche". ¡Arrea!, pensei para min, quen será este pobre home.

De súpeto, fuxiran de min todas as minúsculas preocupacións de filósofo neófito e concentreime en pescudar quen sería o tal Baliñas. Devagariño, fun sabendo do conto. Carlos Baliñas fora o creador en Galicia dos estudos de Psicoloxía, Ciencias da Educación e Filosofía, e o primeiro decano da Facultade, que el mesmo botara andar no curso 1974-75. Agora, a comezos dos anos oitenta, os psicólogos mantiñan unha loita aberta contra o decano e a reitoría reivindicando a independencia da sección de Psicoloxía e a súa reconversión nunha facultade de seu. O amigo Luís González Tosar e outras persoas daquel tempo poderían escribir unha tese de doutoramento, eu só oía campás, como calquera outro novato. Por certo, como xa supoñen, os psicólogos conseguiron a independencia e anos máis tarde tamén os pedagogos. De xeito que os filósofos ficamos *sozinhos*, como adoitan dicir os nosos irmáns portugueses. E seguimos adiante…

Aforro algúns detalles das cousas rechamantes que aconteceron naqueles convulsos anos oitenta en que Baliñas abandonou o decanato da Facultade para converterse en director do Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social: a trabada que lle meteu un profesor a un estudante que tentaba entrar pola forza no seu despacho, a máquina de escribir Olivetti que alguén guindou desde o terceiro andar camiño do segundo, buscando a cabeza dun profesor buscabullas, e outras historias que non veñen a conto. Mais todas estas cousas pasaban e puiden ser testemuña de primeira man cando no ano 1986 rematei os meus estudos e me convertín en bolseiro do departamento de Filosofía. Un tempo en que a lectura e aprobación da acta, se procede, primeiro punto da orde do día, duraba unha hora, hora e media, dúas horas. Nin sequera os laios do profesor e chorado amigo Xosé Antonio Fidalgo Santamariña, antropólogo en Ourense, lembrando que tiña que viaxar máis dunha hora ata Santiago, ás veces loitando contra os elementos, lograron poñer algo de sentido común. Tiveron que ser os tempos os que acabasen con aquelas liortas universitarias. Un día espertamos e ninguén loitaba por ocupar un cargo académico. ¡Cousas da vida, por Castelao!

Mais antes permítanme que retome o fío dos acontecementos para facerlles saber como e cando coñecín a Carlos Baliñas. Quero dicir, como foi o noso primeiro encontro persoal, porque

eu coñecía, inevitablemente, toda a néboa lendaria que arrodeaba a súa singular figura, como adoita acontecer cos máis altos cumios das grandes cadeas montañosas. O profesor Baliñas era, de certo, unha lenda na Facultade. Algúns sabían que viñera a Santiago sendo un cativiño, desde a súa aldea de Quireza, na bisbarra de Terra de Montes, cunha pequena bolsa como neno de coro da catedral compostelá e que se instalara no último andar do pazo de Raxoi, nun cuarto que tiña unha pequena fiestra que daba á praza do Obradoiro. Aquel neno cantor chegaría a tocar o harmonio e despois o piano. Pero a Filosofía meteuse no seu camiño e abandonou unha vocación relixiosa que nunca acabara de chegarlle de todo. Entre cóengos fixo os seus primeiros estudos de Humanidades e mesmo chegou ir á Universidade de Comillas, onde estuda, grazas a sucesivas bolsas, Linguas Clásicas e Filosofía entre os anos 1947 e 1951, pero Deus non o chamara polo camiño da fe senón da razón, e acabou matriculándose na Facultade de Filosofía e Letras da USC. Estudou os cursos comúns en Santiago, durante aqueles anos que Xosé Luís Franco Grande describe maxistralmente en *Os anos escuros*, e despois marchou a Madrid a facer a especialidade: Filosofía pura, ¡nada menos!, título que conquista no ano 1957. Nos corredores da Facultade de Filosofía compostelá contábase a media voz que, cando Carlos Baliñas puxo o pé na Universidade Complutense, da que apenas quedaba a lembranza de Ortega, Zubiri, Gaos e García Morente, foi onda un daqueles profesores solemnes e vellotes da Meseta e preguntoulle como había que facer para chegar a catedrático. Sigo sen saber aínda hoxe se esta lenda urbana tiña algún fundamento, porque o profesor Baliñas nunca a desmentiu.

Tamén sabiamos todos que Baliñas ampliara estudos na Alemaña de finais dos anos cincuenta, cando non tanta xente universitaria practicaba ese deporte de percorrer mundo. Primeiro, cunha bolsa do Goberno de Baviera para cursar estudos de Filosofía en Múnic; e, despois, como bolseiro da Fundación Juan March para traballar na súa tese de doutoramento. Foron uns anos felices en que atopou en Sanxenxo a Marisa López Pereira, o seu amor mariñeiro, e casou con esta adorable mociña, moi guapa, por certo, no ano 1960. E, como de algo había que vivir, presentouse e gañou unha cátedra de Filosofía de Ensino Medio, comezando a súa actividade docente nos institutos de León, Santa Irene de Vigo e Arcebispo Xelmírez de Santiago de Compostela. Entrementres defende a súa tese de doutoramento sobre o acontecer histórico no ano 1962 e comeza a mirar con cobiza para a Universidade como un destino profesional factible. Non tardará en gañar unha oposición como profesor agregado a cátedra, desempeñando o seu labor nas universidades de Madrid e Barcelona, antes de escoitar a chamada da Terra, a onde chegará como catedrático da Facultade de Filosofía e Letras no ano 1970, dende onde crearía os estudos de Filosofía en Galicia.

En fin, queridos amigos, que coñecía a Carlos Baliñas de oír contar unha manchea de historias sobre el, pero o coñecemento persoal tivo lugar a finais do curso 1983-84, co gallo dunha bolsa de colaboración que ía solicitar ao Ministerio de Educación. Precisaba a firma dun titor, e cheo de razón fun petar na porta do seu gabinete. Contan que a véspera de atopárense Sócrates e Platón nunha praza de Atenas, o mestre tivera un soño premonitorio. Un poliño de cisne plumeaba nos seus xeonllos cando, de súpeto, ergueu o voo e deleitouno con cantos engaiolantes durante horas. Carlos Baliñas non debeu telos antes de coñecerme ou, polo menos, nunca me falou de tales agoiros. Moi amablemente, pediume que sentase no tresillo do seu gabinete, nun recanto do último andar da Facultade, a poucos metros do ceo compostelán, e comezamos a parolar como dous vellos amigos que acaban de coñecérense. Carlos, quen o diría, era un tipo sinxelo que se interesaba por cousas sinxelas: ¿E ti de quen vés sendo?; ¿e logo onde naciches?; e se es de Raxó, ¿coñecerás a Xaime Isla? Naturalmente que coñecía a Xaime Isla, o meu gurú particular no galeguismo, e a Cristina, e a Ramón Piñeiro, a quen entrevistei en Santiago un ano antes de matricularme na universidade, e non deixei de

visitar desde aquela na súa casa de Xelmírez 15, e a Isabel, a súa dona. Total, que ao día seguinte, xa estabamos viaxando xuntos cara a Ourense, no seu mítico 131 Supermirafiori, porque ía pronunciar no Ateneo unha conferencia sobre Otero Pedrayo e a revista *Nós*. Foi a primeira de moitas viaxes, e todas, sen excepción ata o día de hoxe, salferidas dunha ou varias conferencias do mestre, sobre historia, xeografía, botánica, galeguismo, política, e un longo etcétera de temas que xorden dun manantío infindo.

Xuntos tamén visitamos en varias ocasións a Casa da Matanza, en Padrón, para asistir a distintos actos e reunións do Padroado Rosalía de Castro, hoxe Fundación Rosalía, institución da que Carlos foi vicepresidente co doutor Sixto Seco durante trinta e cinco anos. Do coñecemento miúdo da nosa poeta máis universal e da intrahistoria que a converteu nun mito e nun símbolo da cultura galega deu boa mostra nun libro que ningún galego, amante do seu país, debería deixar de ler: *Rosalía de Castro: entre a poesía e a política*, editado polo Padroado no ano 1987.

Viaxamos xuntos moitos anos a este mesmo lugar e a esta mesma festa de Trasalba, santuario que Agustín Sixto converteu nunha data solemne no calendario galeguista, xunto coa misa de Rosalía do 25 de xullo que inauguraran Xosé Mosquera Pérez e Manuel Beiras no ano 1932. O percorrido foi o mesmo durante anos. Saía moi cedo de Raxó con Xaime Isla de copiloto, pero, no canto de tirar cara a Ourense, marchabamos ata Santiago para recoller a Carlos Baliñas e de alí cara a Trasalba. Preguntaranse como facían aqueles dous Sócrates da cultura galega para falar e escoitárense ao mesmo tempo. Eu tamén mo pregunto decote sen ter unha resposta moi clara que ofrecerlles. Contra a tardiña, xa de volta en Santiago, era obrigada a visita á casa de Baliñas, ou o que é o mesmo, á casa dos catedráticos, onde nos esperaba Marisa Pérez Pereira, a súa dona, cos brazos abertos e con aquel doce sorriso de arcanxo que subiu ao ceo. Chegabamos a Raxó co luscofusco, ás veces de noite, cansos e con varios centos de quilómetros ás costas, pero desexando volver a Trasalba para o ano seguinte, a cumprir con don Ramón e con todos os amigos galeguistas, novos e vellos, que eran a mellor metáfora da Galicia de corazón aberto que amabamos.

Quixo o destino que Carlos Baliñas me acompañase no meu percorrido filosófico, primeiro como director da tese de doutoramento e despois como director de orquestra de todos cantos proxectos emprendemos xuntos. Así, cando no ano 1990 chegou a segregación da USC e naceron as Universidades de Vigo e A Coruña, acordamos poñer en marcha unha sociedade filosófica que reunise os filósofos das universidades galegas. Chamámoslle a SIFA (Sociedade Interuniversitaria de Filosofía), e Carlos foi o seu primeiro presidente, auxiliado na secretaría por quen lles fala. Estreouse no ano 1993 coa organización dos Primeiros Encontros Internacionais de Filosofía no Camiño de Santiago, que inaugurou o filósofo francés, que acabaría sendo tamén o noso amigo e colaborador, Paul Ricoeur. Uns encontros bienais que mantivemos ao longo de todos estes anos. O próximo mes de novembro, que chegue alá, celebraremos a edición número catorce e convocaremos filósofos de Europa, América e o Xapón para matinar sobre "A Filosofía hoxe. Necesidade das Humanidades na construción do mundo do futuro". Quedan todos cordialmente convidados.

Tamén viaxamos ao estranxeiro, xuntos moitas veces, para falar e tamén para escoitar outras voces: Italia, Francia, Portugal ou o Xapón. Carlos regalaba con frecuencia pequenos adiantos da súa novidosa teoría de análise do texto filosófico a través das metáforas e dos elementos icónicos do discurso, prometendo publicar un libro co esencial do modelo. E todos quedaban intrigados e abraiados pola orixinalidade filosófica das súas achegas. Disto aproximadamente falou tamén na Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra o pasado mes de abril, onde recibimos xuntos a chamada do novo presidente da Fundación Otero Pedrayo, Juan Luis Saco, para comunicarnos a concesión do premio Trasalba 2017 a Carlos Amable Baliñas Fernández. Tres xera-

cións de filósofos composteláns estabamos naquel congreso: o mestre Baliñas, un servidor e dous doutorandos meus. Partillamos a nova da concesión do premio co resto cos colegas europeos que asistían ao congreso durante a cea daquel inesquecible día e brindamos á saúde de Carlos Baliñas cunha copa de viño maduro, explicándolles aos presentes a importancia deste premio para alguén que ama Galicia e a cultura galega. Por fin, a filosofía, da que Ramón Piñeiro escribira que era sempre serodia no marco de calquera cultura, era recoñecida na persoa no noso máximo pensador galego. Todos agardabamos unha frase para a posteridade cando Carlos tomou a palabra, mais fiel ao seu estilo, medio estoico e medio escéptico, limitouse a dicir: "Os premios se chos dan non sobran e se non chos dan, non faltan". Despois de tantos anos a min non me enganaba: Carlos Baliñas, por detrás daqueles ollos rebuldeiros, era o home máis feliz do mundo. A Fundación que levaba o nome do seu mestre, guieiro e amigo Ramón Otero Pedrayo recoñecía o seu traballo a prol da Filosofía e de Galicia. A mesma ledicia que hoxe sentimos todos, ateigados de emoción e gratitude, porque premiando a Carlos Baliñas Fernández, sei que premiades a súa grande obra, que non e outra que a de incorporar con todo merecemento e sen complexos o pensamento filosófico á cultura galega.

Parabéns ao premiado e moitas grazas a todos ▮

Catedrático da USC

Onde Otero Pedrayo se define[1]

Carlos Baliñas

Cando se cualifica a Otero Pedrayo de "nacionalista católico", "fidalgo liberal", "membro da Xeración Nós", estáselle aplicando o modelo clásico de definición que responde á fórmula: S é P. Definir significa, neste modelo, incluír un particular nunha clase lóxica, dando por suposto que o suxeito (S) terá menos extensión ca o predicado (P). Por exemplo, Otero Pedrayo é "un dos (varios ou moitos)…"

Con este tipo de definición, déixase o definido clasificado, pero estático e partillado.

Non é o único xeito de definir. Literalmente *definición* significa que algo ten *fin* e confíns, ou sexa, límites que o delimitan. Con tal palabra os filósofos latinos traducían o que os gregos chamaran *horismos*, o que ten *horizonte.* Por outra banda, de alguén que toma posición sobre algo dicimos que *se definiu*. Estaba indeterminado e agora sabemos que era.

Hai, xa que logo, outro modo de definir unha persoa, que consiste en dicir como se definiu fronte a circunstancias diacrí-

1. Este texto está pensado como unha continuación do meu libro *Descubrindo a Otero Pedrayo*, Santiago de Compostela, Editorial Coordenadas, 1991.

ticas. Cada persoa é un centro dun contorno seu, é dicir, da súa circunstancia (*circum stare*). Esta pode vir soa, ventureira ou formar elemento dun mundo. Entendo por mundo unha totalidade cuxos membros se coexisten.

Estoutro xeito de definir un individuo ten a vantaxe de que o mostra vivo e activo. Se as preguntas que se lle obriga a responder son as axeitadas aos desafíos que a vida lle propuxo, poden darnos o perfil característico seu.

1. UNIVERSALISTA?/ LOCALISTA?

En 1917, coa ocasión das eleccións xerais que se ían celebrar no ano seguinte, vén a Galicia o político catalanista Francesc Cambó para espallar a idea dunha España que recoñeza as rexións. En Ourense, o grupo de intelectuais que veñen publicando a revista *La Centuria*, acompáñano, ao tempo que ingresan no movemento chamado Irmandades da Fala.

O suceso ha de sorprender porque pouco antes aínda se expresaban despectivamente na revista *La Centuria* sobre as posibilidades da lingua galega e porque, a case un século de distancia, esa decisión aínda xera efectos.

Os filósofos sempre intentamos explicar desde atrás e desde arriba: desde o máis xeral. Cando a Primeira Guerra Mundial terminaba, esperta en Europa unha sensibilidade que viña do Romanticismo, adurmiñada pero nunca durmida de todo. Novas etnias séntense patrias e, como patria reclama Estado, xorden novos patriotismos e novos nacionalismos. O tratado de Versailles, que recoñece o "principio das nacionalidades" ou sexa o dereito de autodeterminación, remexe o mapa de Europa e hai outra sacudida do taboleiro das nacións —a primeira fora nos tempos de Napoleón, cando xorden nacións como Alemaña e Italia—. Agora estouran algúns países non ben artellados. Irlanda independízase de Inglaterra, Checos e eslovacos, como tamén húngaros, vanse do Imperio Austrohúngaro. Polonia e Finlandia vanse de Rusia.

O ámbito do Xénero humano e da Humanidade é a patria do filósofo, pero nese caso por un illamento voluntario que chamamos abstracción. Ora ben, tamén se pode caer nel por simple inercia mental e desatención. Todos forzosamente vivimos nun lugar concreto coas súas circunstancias de lugar (contorno, grupo) e de tempo (época, "o noso tempo", *in illo tempore*). Fixarse na época é máis fácil porque o tempo trae novidades. De feito, o título da revista que fundaran pouco antes alude á cronoloxía, ao novo século: *La Centuria*. En cambio o título da revista que fundarán no ano 1920 xa alude ao local, aínda que non de xeito localista. "Nós" son os galegos conscientes[2]. Os ventos de Europa facían botar muxicas a unha fogueira nunca apagada.

Un de "Nós" ía novelar aquel proceso. Otero, coma Adrián Solovio, o personaxe de *Arredor de si*, fora bo estudoso e só mediano estudante, lector voraz, *ao desus de la melée* ('por riba dos mediocres'), exquisito, universalista por non se considerar de lugar ningún, desdeñoso de case todo. Todos os conversos reproducen un *fenómeno* que nunha análise *fenomenolóxica* de urxencia se descompón nestes pasos: 1) O que andaba fóra de si, perdido, topa un día o centro. 2) Ese día ou intre pasa a ser o inicio do calendario persoal, o día un da nova vida. 3) Láiase do tempo no que estaba perdido e reconstrúe o proceso da conversión. 4) Algún mesmo relata o proceso ata chegar a esa "segunda navegación" (*deuterón plous*), que diría Sócrates, que tamén foi un converso.

Todos os conversos se parecen ao converso prototípico, que é o converso relixioso ou, no budismo, o que chega á "iluminación" (Cfr. *Bodhi*, Buda, "o iluminado"). Santo Agostiño reescribirá o seu periplo nas *Confesións*; Otero o seu na novela autobiográfica *Arredor de si*. Santo Agostiño, escribira: *In te ipsum redi; in interiore homini habitat veritas* ('Volve a ti mesmo; a verdade está no home interior'). Otero Pedrayo vai describir esa conversión como un xirar *arredor de si* ata bater co centro de si mesmo, que é ser galego. Chesterton, converso desde a indiferenza, describiuse como un navegante inglés que, calculando mal a ruta, cando pensaba emocionado que estaba descubrindo os Mares do Ser, resultou que estaba descubrindo Inglaterra[3]. O converso lamenta o tempo que tardou en ver a luz. *Sero te cognovi,* láiase Agostiño referíndose a Deus. O noso autor rememora así os anos de "dispersión":

> Os meus anos de Madrid, e en xeral os meus anos fora de Galicia, foron naquel tempo unha búsqueda sen acougo […] ¡Canto me custou descobrir a nosa Terra dando voltas polo universo e os libros! De cando en vez voltaba cheo de preocupacións diletantes á miña terra de Trasalba e, ¿qué atopaba alí? Unha Galicia campesiña e asoballada, xentes ignorantes, esquencidas de todo no seu curruncho, namentras eu andaba detrás das verdades dos libros e aquelo queimábame no peito cada vez máis[4].

Neste ámbito Otero definiuse, ¡e con que afouteza!

2. ESQUERDA/DEREITA?

Nos anos derradeiros da Segunda República os partidos políticos aliáranse en dúas coalicións antagónicas que en febreiro de 1936 loitaron nas urnas, e desde o 18 de xullo nos campos de batalla. Tamén neste caso, se se quere entender o que ocorría en España, cómpre situarse en Europa. Os proletarios e ideólogos socialistas soñaban coa URRS, presunto paraíso do proletariado; as xentes

2. Vicente Risco, ademais, presentaría o grupo, e a el mesmo, como "inadaptados á época". Tanto o criticaron por atribuírlles a todos unha actitude que soamente era del, diría ironicamente que se volvía promocionar unha revista poñeríalle de título "Eu".

3. *Ortodoxia*. Barcelona, Plaza y Janés, 1968. p. 6.

4. Víctor F. Freixanes. *Unha ducia de galegos*. Vigo, Galaxia, 1976, p. 22.

de dereitas en España miraban para Alemaña e Italia onde o patriotismo anulaba a loita de clases.

Con mentes de acadar por fin o Estatuto de Autonomía, cara ás eleccións xerais de febreiro de 1936 o Partido Galeguista abanza cara á Esquerda e no ano 1936 entra na coalición do Frente Popular, de ideoloxía revolucionaria e de laicismo militante. Un desafío para Otero Pedrayo, que se confesaba católico e que xa se opuxera á expulsión dos xesuítas nas Cortes Constituíntes.

Xa desde 1931 Vicente Risco, o autor da *Teoría do nacionalismo*, onde están case todas as ideas que despois repetirán Castelao e Otero, viña redactando manifestos que despois Otero Pedrayo e outros asinaban, denunciando a crecente onda de laicismo e avisando contra o feito de que o Partido Galeguista se abeirase á esquerda. Non se lle pode botar en cara a Risco que non avisase[5].

Tamén Otero fora claro.

Abril de 1935:

> O marxismo, como o dereitismo español, son incompatibles coa verdadeira espritualidade galega en todolos ordens. Un e outro son antiliberales e a vida galega está inzada dun gran contido liberal e o sentido da propiedade en Galicia, labrega toda ela, non pode compaxinarse co marxismo nin co imperialismo español, que además son duas ideas dun semellante contido dictatorial e antidemocrático"[6].

Febreiro 1936: triunfa o Frente Popular. Comentario de Otero: "Co triunfo electoral medra outra nova invasión na Galicia. E dende logo contra Galicia"[7].

Maio de 1936. Comentario seu: "Aínda temos a espranza de que o Partido Galeguista ha de recoñecer seu trabucamento actual"[8].

Mais non se foi do Partido, como fixeron outros que ían constituír a Dereita Galeguista, aos que a sublevación pillou antes de se organizar en partido[9]. Nesta ocasión non se definiu. Preferiu a indeterminación. Risco ou Filgueira Valverde fóronse; el quedou. A amizade e a prudencia política predominaron sobre a súa posición teórica Na IV Asemblea xa anticipara, segundo o cronista de *A Nosa Terra*, que "suceda o que suceda, el non se marchará do Partido, acatando as determinacións da Asamblea e someténdose sempre a discipriña do Partido"[10].

De súpeto, esas discrepancias perderan sentido: cando falan as pistolas, cala a palabra. A sublevación pillouno politicamente ao ventimperio. Fora nomeado presidente do Seminario de Estudos Galegos, e a iso se dedicaba. Pero iso non lle evitou que o novo réxime, conforme á proposta dunha Comisión Depuradora, o separase da docencia (27-VIII-1937). Cada bando en guerra organizara a súa Comisión Depuradora. A de Madrid declarara separados das súas cátedras a, por exemplo, Miguel de Unamuno e Manuel García Morente, por mencionar casos de filósofos.

Desde o 18 de xullo de 1936 pasa a ser un individuo privado, sospeitoso para os novos poderes, e desde agosto de 1937, un exiliado no interior. Non volverá falar en clave nacionalista.

Se se quere entender o que ocorría no noso Fisterra, outra vez compre ir río arriba por Europa adiante.

5. Poden verse os textos en Carlos Baliñas, "A filosofía política de Vicente Risco". *Grial* 86, 1984 , pp. 392-411.
6. *A Nosa Terra*, 27-IV-1935. *Apud* Casares, *Otero Pedrayo*. Vigo, Galaxia, 1981, p. 156.
7. *A Nosa Terra*, 3-IV-1936. *Apud* Casares, p. 157.
8. *A Nosa Terra*, 1-V-1936. *Apud* Casares, p. 158
9. Foron os que despois da Guerra estiveron no choio de fundar o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (Filgueira Valverde…), e o Patronato Rosalía de Castro (Mosquera Pérez).
10. *A Nosa Terra*, 27-IV-1935. Cit. por C. Casares.

Con Benito Mussolini (marcha sobre Roma, 1925) e, maiormente, con Adolf Hitler (toma do poder en 1933) entrara na historia outra filosofía política. Os novos valores maniféstanse en expresións tales como *caudillo, partido único, imperio, espazo vital, grandeza nacional, misión, vértice, xerarquía, vertical, Estado Novo, Século de Ouro.*

Tras desa fraseoloxía está un modo diverso de entender o poder político. Para os Estados totalitarios o valor supremo é a grandeza Nacional. O vértice convértese en símbolo.

Desde o ano 1933 esa linguaxe gobernaba en Portugal. En 1936 instalase en España. Otero vivirá os últimos corenta anos baixo un Réxime con esa filosofía política. En van se poden buscar nos miles de páxinas que aínda vai escribir ningunha desas palabras. Enviará colaboracións a unha revista titulada *Misión*, pero nese caso a verba tiña sentido relixioso. Nese novo mundo ideolóxico-político celébranse desfiles, marchas, gritos de rigor, monumentos aos caídos, adhesións ao réxime. O noso home non participa en nada diso.

Neste ámbito non se definiu coa palabra, pero si co silencio elocuente.

Na segunda metade da súa vida non volverá falar de nacionalismo nin de autonomía, pero farase asemade un recordatorio perpetuo das cousas nosas, un *excitator Gallaetiae*, tal como noutro tempo Ernest Curtius chamou a Unamuno *excitator Hispaniae*.

3. ATLÁNTICO / OCCITANO?

A hipótese da orixe celta do pobo galego motivou que, aínda nos anos vinte, se bautizase co nome de Celta o equipo de fútbol de Vigo. Entre os especialistas xa daquela perdera crédito, pero Otero aínda fixo unha renovación ou recreación do "celtismo", paralela á do Mediterráneo versus Norte (Eugenio d'Ors). Nun breve ensaio composto en 1934, titulado "Occitania e Atlántida"[11] atrévese a distribuír o espazo de Europa en dous territorios segundo a sensibilidade.

Occitania é a Provenza, o mundo dos escritores Mistral e Barres, o Mediterráneo de Paul Valery (*Cimitiére marin*) "Alicante figura ser o marco Sul de Occitania".

Cara ao oeste está a Atlántida, que el divide en dúas subzonas, segundo exalten a saudade ou o destino. No norte, Xermania: o poder do Destino. Kant, Bismarck, Fichte e "a especialización xermánica". No sur, nas costas atlánticas, a Céltiga, onde a Saudade é forma de liberdade. Pola liberdade da saudade os pobos celtas superan a morte. "Pola saudade liberan ao mundo das súas cadeas lóxicas e realizan o miragre de vivir no fío esencial do decorrer do esprito, en chea soberanía pola Libertade"[12].

Nesta idea —mellor: intuición?— mallara xa no ensaio *Morte e resurrección*, publicado no ano 1932, unha historia "cósmica", por así dicilo, de Galicia desde "a nebulosa maternal". Conforme a unha idea que o autor repetirá en varios lugares, a historia avanza ceibándose da materialidade infinda (indefinida), caótica, inconsciente, que non se recoñece a si mesma, camiño da "ceibeza dos espíritus" e a vida inmorrente.

Os galegos seríamos *céltigos* e, desde logo, el así se definía: coma un romántico espiritualista.

4. IDIOMA GALEGO?/ IDIOMA CASTELÁN?

"A lingua, o primeiro" deixou escrito coma unha divisa no ensaio *Morte e resurrección*[13]. Mais, ao revés que Castelao e outros que fixeron bandeira de ser monolingües, el publica nas dúas linguas nas mesmas datas. En castelán redactou a *Guía de Galicia* (1926), o *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* (1932), a voluminosa

11. *Obras Selectas II. Ensaios*, pp. 280-288.
12. *Op. cit.*, p. 288
13. *Ensaios. Obras Selectas, II.* Vigo, Galaxia, 1983. p. 54.

monografía sobre o padre Feijóo (1964), os libros de divulgación didáctica e unha chea de artigos.

Dirase que escribiu en español cando o "exixía o papel" (polo destinatario do escrito), pero iso non vale dos artigos escritos canda outros en galego.

Que eu saiba, en ningures explicou os criterios da escolla. ¿Non será que tamén gozaba escribindo castelán? Iso, polo menos, é o que nos ocorre a outros que tamén somos bilingües por donos de dúas linguas: unha por herdanza; outra por conquista. Algún día terá a súa Fundación que apañar ese tesouro que hoxe está espallado e ignorado.

CONSERVADOR?/ PROGRESISTA?

Tratándose de alguén que non foi un activista social nin un escritor comprometido (*enragè*, díxose noutro tempo), a cuestión non pasa de curiosidade estética.

Emilia Pardo Bazán, Ramón del Valle-Inclán e, tras deles, Otero Pedrayo, foron os tres escritores que deron existencia literaria ao pazo. Dos tres el foi o único que tivo do pazo unha visión máis ca estética. Cómpre ter en conta que o pazo de Trasalba non é o pazo de fidalgo con título nobiliario, escudos e moitas etiquetas. Era máis ben unha casa grande, unha casa de labranza de poucas hectáreas, aínda que non tan poucas para un país de minifundios.

A caída do Antigo Réxime e o correlativo ascenso da burguesía foi tema que xa topou en Chateaubriand e que despois narraron outros no respectivo país[14]. Fronte á loita de clases e o devezo polo diñeiro que veu despois, el sentía nostalxia da harmonía de clases e da harmonía da vida agraria cos ciclos e ritmos de natureza. Sabido é que o *Catecismo do labrego* non dá a mesma visión patriarcal e idílica da aldea. Nalgún intre na súa vida, mesmo soñou con que os señores de pazos adoptasen os xeitos modernos de produción agrícola. De todos modos, ben se decataba de que aquel mundo xa era cousa que o vento da historia levara.

A decadencia do Antigo Réxime viuna como historiador; a decadencia da aldea sentiuna como vítima. Os antigos xornaleiros e caseiros emigraban a Europa e, cando regresaban, instalábanse nas cidades. Outros ían traballar nas fábricas. Outros estilos esóxenos viñan substituír os enxebres. Con humor contaba que seus propios caseiros, que cultivaban o viño da casa, pedíanlle cervexa para beber.

6. REALISTA?/ IDEALISTA?

Escritor case compulsivo, de *calamo currente*, non corrixía, e por veces saía do rego, pero tiña evidente vontade de estilo. Enténdese por realista aquel que recoñece a realidade malia ser fea ou mala ou vulgar. O noso escritor érao cando quería. Por exemplo, cando describe a miseria dos labregos. Por idealista desígnase o que mira máis a idea, idealiza a realidade e, xa que logo, é optimista. A Galicia viuna sempre con ollos de idealista.

Un xeito característico do seu estilo foi substituír a descrición realista por outra metafórica ou metonímica. Metáfora: "Outono farto e dourado", suple por escultura barroca. Metonimia: "Os violíns de Verlaine", suplen por vendaval.

7. XEOGRAFÍA CIENTÍFICA?/ XEOGRAFÍA HUMANISTA?

No ano 1950 oposita á cátedra Xeografía e Historia da Universidade de Santiago. A Xeografía estaba volvéndose ciencia empírica, quero dicir, ciencia de estatísticas, enquisas, cartografía e bata branca. El mantivo o seu xeito de facer xeografía[15]: unha

14. Giuseppe Tomasi di Lampedusa. *Il gatopardo* (1958). Este refírese á época da reunificación de Italia na segunda metade do século XIX.

15. Oínlle ao porfesor Vilá Valentí, catedrático de Xeografía de Barcelona, que opositou con el, que fora a derradeira vez que se deu unha cátedra a ese estilo de Xeografía.

"xeografía estética", para a cal o centro é a paisaxe cos seus tres axentes e capítulos: o telúrico, o biolóxico e o humano[16]. O futuro xeógrafo xurdiu na solaina da casa de Cima de Vila

O novo catedrático seguirá co estilo de clase maxistral, conferencias de boa oratoria, non de retórica baleira. Non ensinaba soamente a materia, ensinaba cultura[17].

Polo demais non practicaba o oficio académico. Nada de bibliografía nin de clases prácticas, e cóntanse divertidas lendas sobre como se arranxaba para non suspender a ningún alumno. Todo o cal non sempre era o mellor desde o punto de vista da ciencia[18].

8. CRENTE?/ AGNÓSTICO?/ INDIFERENTE?

Dun xeito ou doutro todos tomamos posición ante a relixión, quero dicir, diante do Máis Alá. Publicamente el presentouse como católico, mesmo na Segunda República, cando esa actitude non era "politicamente correcta".

Pero a relixiosidade é asunto íntimo. "Leo de todo menos de teoloxía", oínlle dicir un día. "Coa teoloxía todo se razoa e pérdese a fe". Parece que foi un crente de fe sinxela, no senso de confianza outorgada acriticamente. Evidentemente gozaba coa estética dos ritos, pero os feitos miúdos da vida cotiá mostran que vivía con íntima sinceridade o Misterio, aínda que sen misticismos. Diante da morte dá cada un a derradeira definición de si. Confesou, comungou e foi enterrado co hábito pardo de san Francisco.

* * *

As definicións convencionais valen, porque dinnos a que clase ou grupo adscribir a persoa, pero pártena e móstrana en fotografía estática. Poñéndoo diante dalgúns dos desafíos que a vida lle propuxo, intentei que o propio personaxe se definise a si mesmo con feitos e declaracións. *Ecce homo*

16. Ese foi o título dun artigo que daquela mandei desde Madrid para o número extraordinario que lle dedicou o xornal *La Noche* con motivo da xubilación. Volvín sobre o tema no artigo "Vivencia estética e simbólica da paisaxe". *Xornadas sobre Otero Pedrayo*, Xunta de Galicia, 2001, p. 151 e ss.
17. Pronunciou a primeira clase o 16 de outubro de 1950 e a derradeira o 5 de marzo de 1958. Aquí recollo datos do meu artigo "Don Ramón nas aulas". La Voz de Galicia, número extraordinadio dedicado a Otero Pedrayo, febreiro, 2001.
18. Os alumnos daqueles anos que despois quixeron opositar a profesores de Xeografía e Historia no Ensino Medio topábanse co hándicap de que non estudaran a Xeografía que os tribunais lles pedían.

LIBRO DOS AMIGOS

Ramón Piñeiro e Carlos Baliñas: filósofos e galeguistas

Rocío Carolo Tosar

Mozos cultos, idealistas e galeguistas, esta é a mellor forma de definir a Ramón Piñeiro e a Carlos Baliñas. Dende moi novo, Piñeiro sentía unha profunda identificación co galeguismo, de xeito que comezou a traballar a prol dunha Galicia forte e recoñecida institucionalmente. Era necesario que o pobo galego se sentise como tal, facer florecer unha conciencia galega que coñeza e recoñeza a súa historia, a súa cultura e a súa lingua.

Coa a difícil tarefa de galeguizar unha Galicia que estaba sometida ao centralismo do Goberno estatal, e a súa lingua quedaba relegada ao ámbito do rural e do discurso informal creando un baleiro no esquema cultural das novas xeracións, encoméndaselle a Piñeiro a tarefa de entrar en contacto con novos estudantes que chegaban a Santiago de Compostela. É, nestes anos cando un Carlos Baliñas mozo arriba a Santiago para cursar os cursos comúns da carreira de Filosofía e Letras, de xeito que en 1954, o xa galeguista Manolo Vidán Torreira, preséntalle a Ramón Piñeiro na rúa Nova. Este foi o comezo do que sería unha longa relación intelectual e de amizade, xa que ambos compartían o interese pola filosofía e o amor a Galicia.

Daquela, os baixos do hotel Compostela eran o lugar de encontro destes mozos universitarios que foron integrando o novo grupo galeguista; deste xeito prodúcese, por así dicilo, un traspaso xeracional. Nace a Xeración da Noite, nomeados así porque os seus integrantes: o propio Baliñas, Franco Grande, Mourullo e Beiras, entre outros, colaboraban no diario *La Noche*. Todos eles estaban cooperando co galeguismo facendo que o pobo galego recobrase a súa personalidade, o seu estatus de pobo.

Neste senso, Piñeiro sabía como espertar e avivar tanto a conciencia galega como o desenvolvemento persoal da mocidade galega, e así o fixo con quen chegaría a ser o catedrático de Filosofía da Universidade de Santiago. Cabe aquí mencionar o gran labor de edición das *Obras selectas* de Ramón Otero Pedrayo, que elaboraron conxuntamente Ramón Piñeiro e Carlos Baliñas, buscándolle e dándolle sentido e coherencia ao texto.

Polo tanto, Carlos Baliñas vén representar os valores morais dos que falaba Piñeiro: xenerosidade, porque o servizo e traballo a prol da cultura galega é un labor altruísta, a audacia recoñecida nesa nobre ambición, e a firmeza por ese sentimento de responsabilidade de achegar o mellor de si para incrementar a cultura galega a través da súa obra filosofica ▮

Cando se fai o que se di e se di o que se pensa

Agustín Dosil Maceira

Non é sinxelo, e non todos o conseguen, pero el si. Dou fe desta coherencia persoal que puiden constatar ao longo de máis de cincuenta anos.

Era a década de 1960, e na Universidade de Santiago de Compostela non existía a especialidade de Filosofía na licenciatura de Filosofía e Letras. Así que, se queriamos estudar Filosofía, deberiamos matricularnos na Universidade de Barcelona ou na de Valencia, xa que neses anos non se permitía facelo na de Madrid, que eran as tres universidades onde se ofertaba a especialidade. Consultei esta circunstancia Co profesor de Filosofía Carlos Baliñas e tiven claro que debería incorporarme á de

Valencia, polo brillante claustro de profesores con que contaba: Carlos París, Manuel Garrido e José Luis Pinillos, eran algúns deles.

Pasarían os anos, e no Nadal de 1972, de vacacións en Galicia, Carlos Baliñas infórmame do propósito da Universidade de Santiago de iniciar no seguinte mes de xaneiro os estudos de Filosofía e Ciencias da Educación, e invítame a retornar a Santiago para incorporarme ao proxecto. Así o fixen, non sen antes renunciar á praza da que era titular no instituto José de Ribera de Xátiva e de contar co *placet* do director da tese de doutoramento, o profesor Francisco Secadas.

En Santiago, Carlos Baliñas ilusionounos co novo proxecto. Eramos un pequeno grupo de mozos que asumiamos compromisos impensables só uns meses antes: crear unha biblioteca, impartir por primeira vez as materias propias, no meu caso de Psicoloxía, elaborar a normativa dunha facultade nacente, asumir funcións de xestións, e un longo etcétera.

Este proceso de crecemento e creación non estivo exento de dificultades e problemas, que iamos resolvendo coas orientacións e liderado de Carlos Baliñas, en quen confiabamos, coa convicción de que a súa experiencia, o seu bo facer e a coherencia entre o que nos dicía e o que facía era un feito.

Foi moito o que el fixo polos estudos de Psicoloxía, Pedagoxía e Filosofía en Galicia. A Universidade de Santiago de Compostela sempre estará en débeda co seu primeiro decano, director e profesor. A súa actividade universitaria, docente e investigadora sempre estivo tinguida do compromiso con Galicia, coa Terra, tanto no ámbito cultural, como no social e político.

Por iso é polo que foi un grande acerto, e unha xustiza histórica, que se lle concedese o Premio Trasalba á súa persoa e obra.

Carlos Baliñas ensinounos a todos a coherencia entre o pensar, o dicir e o facer, como medio e instrumento para a harmonía interior e para a harmonía co contexto. Por isto, e por moitas cousas máis que non caben neste testemuño, son multitude os discípulos que na actualidade traballamos en institutos e universidades que nos referimos a el chamándolle "Mestre" ▮

Catedrático de Psicoloxía Evolutiva
e da Educación da USC

O sentidiño como virtude política

Xerardo Fernández Albor

Aínda que me gabo de ter aos meus anos boa memoria, non podo lembrar cando coñecín a Carlos Baliñas Fernández, o filósofo de Galicia. En realidade, coido que o coñezo de sempre asociado máis, non me pregunten por que, á Estrada que á súa bisbarra da Terra de Montes. O que si podo dicirlles é que tiven oportunidade de intimar con el e tratalo moito naqueles anos cheos de ilusión, en que estreabamos a democracia, e un grupo de galeguistas botamos a andar o Partido Popular Galego (PPG).

Arredor daquela idea de crear un partido galeguista vertebrado polo espírito da democracia cristiá, que tanto éxito tivera noutros países europeos, estaban nomes ilustres do galeguismo histórico, como o de Xaime Isla Couto, un home íntegro nas súas concepcións éticas e que traballara arreo pola galeguización da Igrexa. Uniuse tamén Fernando García Agudín, un avogado do Estado da Coruña, afín ás ideas de Joaquín Ruiz-Jiménez, que sería deputado por UCD no Parlamento galego e no Congreso de deputados. Entre outras persoas de gran prestixio profesional.

Foi un partido de vida efémera. Se cadra, faltaba experiencia política, e calquera tema, por pequeno que nos poida parecer hoxe, xeraba unhas discusións bizantinas que remataban coa

ameaza da escisión. Pero permitiume coñecer un profesor de Filosofía novo, que arrodeaba daquela corenta e poucos anos, que me sorprendeu pola súa fe galeguista e o seu sentidiño. Un termo que empregaría despois moito na miña etapa como presidente autonómico, onde tamén atopei xentes con moita valía persoal pero con pouca prudencia. Na política, como na vida, é imprescindible meditar as decisións que se toman, sobre todo se teñen transcendencia. E Carlos Baliñas, filósofo por profesión, estaba dotado de extraordinarias calidades para a reflexión. Cando el falaba nas asembleas, cando reclamaba cordura e tranquilidade, facíase o silencio para escoitalo, e eu comprobaba o acerto de que se incorporase a aquel proxecto. Quizais o problema de Carlos, como bo filósofo, era que ás veces resultaba desesperante ver o moito que tiña que pensar antes de tomar unha decisión. E en política, xa se sabe, moitas veces hai que deixarse levar pola intuición porque cómpre tomar decisións. Isto é, ao fin e ao cabo, gobernar: tomar decisións.

Cando rematou aquela aventura no ano 1979 e Carlos Baliñas decidiu desterrar da súa vida a actividade política para dedicarse á Filosofía, sentino moito porque sei que a Galicia autonómica que estaba a piques de nacer poderíase aproveitar da súa principal virtude: o sentidiño, unha virtude política que aínda hoxe me parece que está moi mal repartida ▮

Presidente da Xunta de Galicia (1982-1987)

Sesenta e tres anos das nosas vidas

X. L. Franco Grande

Si, alá van sesenta e tres anos das nosas vidas, dende aquel outono compostelán de 1954 en que nos coñecemos na Facultade de Filosofía e Letras. Brillaba xa pola súa sólida formación filosófica, pola súa dedicación ao estudo e pola capacidade, que eu sempre apreciei, de organizar o seu tempo e tamén as súas lecturas, que resumía en ficheiros que lle permitían repasar en moi pouco tempo estudos feitos había tempo.

El púxome en contacto co grupo galeguista que agromaba por aqueles anos na Universidade, rapaces que serían os meus compañeiros de xeración, moitos deles amigos para sempre. Era un moi brillante estudante, cunha dedicación grande ao estudo, pero capaz de conxeniala coa relación de amizade, coa asistencia a toda clase de actos en que participaba o noso grupo e intervir neles, como, por exemplo, poñendo en latín unha dedicatoria nun recordatorio dunha homenaxe a Otero Pedrayo.

Pasaron os nosos anos de estudantes, vai a Alemaña para ampliar estudos na Universidade de Múnic, oposita con éxito a diversas opcións da súa especialidade ata rematar de catedrático de Fundamentos de Filosofía e Historia dos Sistemas Filosóficos en Santiago. A nosa relación, nos anos que van de 1959 a 1971, tempo en que se afirma na súa carreira, foi máis ben escasa, pero sen que cesase nunca. Despois deses anos, de cando en vez, chégame un libro seu sobre Rosalía, sobre Otero Pedrayo, ou unha colectánea de moi interesantes artigos ciscados por moi diversas publicacións, acompañados dalgunha longa carta en que se refire a diversos traballos seus (sobre Kant e o seu mundo icónico ou un resumo do que el chama a miña modesta "filosofía icónica").

O tempo segue pasando, pero a nosa relación de amizade continúa, mantense e anóvase. Carlos é un dos poucos amigos

daqueles anos, que hoxe semellan tan recuados, que atendeu o meu rogo de colaborar cun artigo nun pequeno tomo de homenaxe que lle dedicamos a Ramón Lugrís, con quen tantas horas, ilusións e iniciativas compartimos naquel Santiago da década dos cincuenta. Non só escribiu o artigo senón que colaborou tamén no acto de presentación en Santiago do pequeno volume.

Hai uns meses, levoume a coñecer a súa terra de Quireza, en Terra de Montes. Foi un fermoso reencontro e, para min, moi esclarecedor relacionalo con aquela terra que é moi súa. Conviñemos que agora queda, como máis inmediato, dar unha volta polas miñas terras do Baixo Miño. Porque tamén estamos de acordo en que cómpre seguir pasando polo tempo, mentres se poida. Niso estamos ▮

O santuario galeguista de Trasalba. Ramón Otero Pedrayo e Carlos Baliñas Fernández

Martín González Fernández

Eramos estudantes acabados de nos licenciar, algúns xa bolseiros, debeu ser no 1983, o ano en que a Fundación Otero Pedrayo outorgou o I Premio Trasalba a Xaquín Lorenzo Fernández. Foi Carlos A. Baliñas Fernández, daquela catedrático de Filosofía e creador da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago, o noso iniciador no santuario galeguista de Trasalba, en tempos aínda de posfranquismo sobrevido, como tivemos ocasión de comprobar logo.

A min, o don Ramón co que máis simpatizo, quizais por ignorancia doutras moitas facetas súas, seguro!, é o da integridade moral do derradeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos. Despois de 1975, foi levantado de novo por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, tras a súa primeira morte civil de 1936, con segunda morte, en mans de neoliberais indiferente á cultura galega en 2006. E lembro aquela carta do cura escopetino, que se facía pasar ante as autoridades franquistas por secretario da institución, Jesús Carro García, un santo laico[1]. Posterior é a correspondencia, intensa, e por mil outros motivos, de don Carlos con don Ramón.

Finalmente, vin casar coa filla dun antigo alumno de don Ramón, que o foi alá polos anos 1949 e 1950, cando tiña 14 ou 15 anos, e teño a sorte de, desde xa hai vinte anos (el sentado nunha punta da mesa e eu na outra, sen discriminación de xeración nin xénero, pois a mesa é redonda a rabiar, coma a do mítico rei

1 . "Santiago de Compostela, 29 de Octubre de 1941. / Sr. Dn. Ramón Otero Pedrayo. / Ourense. / Meu querido Dn. Ramón: / Remítolle ise papel, acta de partida de defunción do noso Seminario, Centro Cultural onde tanto traballamos polo engrandecemento dos nosos estudos e da nosa terra. Xa vostede naquela famosa xunta no reitorado da Universidade, ao saír pola porta, díxonos: 'poden botarlle un responso'. Adiviñaba craramente que o Seminario era xa un difuntiño. Mais eu non imaginaba que a Universidade fose o seu verdugo. Fixéronme cáseque a forza entregar as chaves, e porque propoñía que a dita entrega fose ante notario, a Universidade díxome que parecía que eu falaba alí de poder a poder, cando non era ninguén, senón un Secretario de unha Sociedade 'extinguida', morta. / Pode xa xulgar, pola dita acta, que non é un moimento das letras, senón mais ben cousa para facerse herdeiros das propiedades do Seminario. / Mando tamén unha copia de iste documento histórico aos Srs. Sánchez Cantón, Mergelina, Chamoso, Whitehill e Filgueira. / E con lembranza aos amigos, saúdos a súa dona e nai, reciba unha forte aperta do seu bo amigo. / Jesús Carro García". *Vid.* Mato, Alfonso. *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento. (cunha "Relación de documentos…", ó cuidado de María de Lourdes Pérez González)*. Sada / A Coruña: Ediciós do Castro - Seminario de Estudos Galegos, 2001, p. 329.

Arturo do Cebreiro), de cando en vez, de facer unha sorte de xogo de pimpón, sen rede pois, no que el me fala do entusiasmo que espertaba entre eles, os alumnos, a verba sentenciosa e acendida do seu mestre, o Patriarca das Letras Galegas, daquelas 3 pesetas e 15 céntimos que xuntaron entre todos para darlle recibimento de honra e festexar na aula e no patio, con foguetes de serpentina comprados no quiosco que había fronte á vella ferraxería Llamas (praza do Ferro), o logro por don Ramón da súa merecida cátedra de Xeografía na Universidade de Santiago, ou de como no acto oficial da colocación nos xardíns do Posío do busto de Prado Lameiro encargado a Asorey, no ano 1945, ao que el asistiu de neno (testemuña presencial, pois), e foi sonado, para contrariedade das autoridades, mentres os demais cantaban o "Cara al sol" e levantaban o brazo, el, don Ramón, permaneceu mudo e co brazo caído (algo que case lle vale novas represalias do gobernador civil, daquela Vicente Muñoz Calero, que o foi até o ano 1951, e que tivo que dar marcha atrás pola ascendencia que tiña don Ramón no exilio arxentino e as aspiracións que tiña o xeneralísimo, ao que cantara Prado Lameiro en célebre soneto do ano 1937, á axuda económica arxentina, que chegou só a partir de 1947, en forma de trigo, millo e carne conxelada de vacún: en fin, para que logo digan que non houbo miseria!), e eu, pola miña parte, fálolle do meu mestre, don Carlos, das mil anécdotas que me contou da vida do patricio galeguista, dalgunha carta manuscrita que conserva del á man, que me ensinou, e que gardaba coma ouro en pano, do seu ensaio *Descubrindo a Otero Pedrayo* (1991), das súas reflexións sobre o devalar (verba que eu descoñecía) e a paisaxe segundo o Patriarca, conversas e aínda rexoubas sobre a aura de Trasalba, eu fálolle de como don Carlos serviu de divulgador e embaixador da obra de don Ramón entre a comunidade emigrante galega (alá polo ano 1985, mentres preparaba a tese de doutoramento de infeliz memoria, visitei a Casa de Galicia de París, nun dos seus andeis estaba o texto *Obras selectas II. Ensaios*, de don Ramón, editado por don Carlos no ano 1983, en exemplar moi usado), todo isto mesturado con humorismo e grande admiración. Quen sae gañando? Os de sempre, sementeira, os que están á dereita e á esquerda da mesa, fillos, amigos, colegas, familia, os novos, aos que iniciamos, un pouco ao chou e á nosa maneira, como don Carlos me iniciou a min na figura de Ramón de Trasalba, don Ramón ao meu sogro en xeografía-historia e oratoria, e o Patriarca finalmente aos tres, derradeira lección do mestre, en dignidade e integridade moral ▮

USC

Máis ca merecente

Luís González Tosar

Os que chegamos a Compostela en outubro de 1972, coa idea de comezar unha carreira, decatámonos doutras pegadas nas lousas das rúas, de pulsións agochadas na rutina dos días de chuvia, borrosas no bafo húmido das tabernas e os cafés. O micromundo estudantil distribuíase, daquela, entre pensións —poucas familiares, as máis de réxime aberto, habíaas relosas e cheirentas, pero abondaban as limpas e reducidas, compartillando todas o baño—, colexios maiores para señoritingos, nenes de papás con posibles —as rapazas á parte dos mozos, moitas en residencias de monxas— e, só para atrevidos de ideas avanzadas, algús pisos no Ensanche. Completaban a oferta de morada corenta e sete pavillós de planta baixa, edificados con materiais baratos, El Burgo de las Naciones, erguido para albergar milleiros de peregrinos no Ano Santo de 1965, acondicionado, o curso anterior ao noso primeiro, 71-72, polo reitor García Garrido —xurista pacense, ex-procurador en Cortes, alcumado "A Besta" por Carlos Alonso del Real—. E ao Burgo fomos dar,

como bolseiros ou pagando pouca cousa, unha enxurrada de fillos e netos de labregos, mariñeiros, emigrantes pobres retornados e traballadores por conta allea. A eixada e o remo eran máis ca símbolos para os que apenas tiveran antes cabida na Alma Mater compostelá, polo menos en tal cantidade. Unha xeración.

De todo houbo naquel derradeiro trimestre do 72, ata o asasinato dun compañeiro de Medicina —da parte de Noia— morto a tiros unha noite por un policía da político-social, borracho, seica. Pouco antes das vacacións de Nadal, coñecín a Carlos A. Baliñas, que non era profesor meu, senón decano da Facultade de Filosofía e Letras, cuxo edificio, na praza da Universidade, se encontraba en obras. Dende aquela, nun despacho provisional instalado na casa de López Ferreiro —hoxe sede do ILG—, coa testemuña dos fermosos moubles do Centro de Estudos Portugueses, somos amigos. Il foi quen me orientou cara ao do dono dun comercio de camisas, na praza de Cervantes, Rodolfo López-Veiga, imprescindible no teatro galego, ao tempo secretario do Padroado Rosalía de Castro. O filósofo galeguista —non considerado entón polos "progres" como "profe progre", tampouco como reaccionario— que nos abriu as portas da súa casa no Campus, a Ramiro Fonte e outros amigos, impresionounos con Otero Pedrayo, amosándonos manuscritos inéditos, levándonos á Casa Grande de Cimadevila, festexando connosco, fraterno, en irmandade cos poetas. Se alguén merecía o Premio Trasalba, se alguén posuía sobrados méritos e plena categoría de oteriano cabal —só por pór dous exemplos, a edición do *Paladoiro* (1973), volume preparado e introducido por il, e *Descubrindo a Otero Pedrayo* (1991)—, ese era Carlos Baliñas; o que nunca pide, o que sempre ofrece xeneroso, soñando, rindo, falando… Si, como don Ramón. Velaí a inxustiza que Xoán Luís Saco Cid, a quen lle desexo o mellor na súa andaina á fronte da Fundación, soubo saldar con nobreza firme, con fidelidade á memoria dos que se foron, sen fachenda nin espaventos; como nos aprenderon, como debe ser ▮

Presidente do Centro Pen Galicia

O atlante de Quireza e a Sociedade Interuniversitaria de Filosofía (SIFA)

Xosé Luís Pastoriza Rozas

Compostela habita en mitos. Aurelio Aguirre e Rosalía de Castro rimando entre as ruínas do convento de Santo Agostiño. Don Ramón Otero Pedrayo paseando nas madrugadas saudando o farol da Conga. Álvaro Cunqueiro e Xosé María Castroviejo de ruada polas tabernas do Franco bendicindo os viños novos e vellos do Ribeiro e da Ulla. As Marías saudando estudantes e soldadiños do cuartel do Hórreo. Memorias que Carlos Baliñas cualificaría de "árquicas", primeiras en sentido que non en idade, e que sedimentan de significacións a experiencia única de sermos picheleiros, de nacemento ou de adopción. Compostela abeirou, acariñou e renaceu polo maxín rebuldeiro e xardineiro de don Carlos, fusionando a "ordenación primeira" dos horizontes montañeses de Quireza coas vivencias adoptivas da poderosa figura modélica do noso venerable profesor e pensador.

Un vello amigo de don Carlos, o benemérito Xaime Isla Couto sempre gababa de Ramón Piñeiro —estratego maior do proxecto de sociedade civil europea que representaba Galaxia— que Ramón se significara como un dos maiores prodixios que de cando en vez emerxe do pobo galego: o labrego dobrado en intelectual. Se cadra, perante a figura singular de Carlos Baliñas, debemos falar dun outro prodixio redivivo: o labrego dobrado en catedrático de Universidade. Naqueles tempos de escuridade en que coñeceu a madura camada galeguista das extintas Mocedades Galeguistas, Baliñas conviviu e venceu con prudencia e sentidiño a tentación do narcisismo, da egolatría, da dogmática, da demagoxia, do totalitarismo de esquerdas e dereitas disfrazado de emancipación e liberación.

Fronte aos excesos verbais, a pedantería obtusa e a perenne insatisfacción do ego dos Augustos, césares e caudillos da súa xeración, don Carlos sachou sen acougo —mesmo nos cadabullos da vida cotiá, académica e política— na procura dunha sementeira que fose obra de comunidade. E velaquí as súas fundacións: unha Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación (1975) e a Sociedade Interuniversitaria de Filosofía, SIFA (1997). Ambas as dúas naceron dunha dobre vocación: facer xustiza e tecer pontes.

Facer xustiza a Galicia dotándoa dunha incubadora académica onde chocasen novos pensamentos. Tecer pontes e coser feridas cando acontece a dramática escisión da unidade universitaria galega. Os vellos amigos e camaradas profesores e profesoras —agora fendidos administrativamente— crean un espazo asociativo de resistencia á división (SIFA, 1997) e lugares de encontro para a hospitalidade, a confraternidade e convivencia filosófica: os bienais Encontros Internacionais de Filosofía no Camiño de Santiago (1993). En ambas as dúas experiencias fusiónase o horizonte europeo e universal da filosofía cunha vocación pola análise crítica-reflexiva dos retos e desafíos do ser humano nun exercicio militante da filosofía reivindicando o valor heurístico da vida ordinaria e cotiá así como a defensa do sentido común e da lóxica do bo sentido ou da razón sensata de tal modo que se promova unha educación activa na sensatez e a cordura, dous cernes da lóxica comunitaria da SIFA coa marca xenética do *pater familias* Baliñas.

Feitas as partillas da herdanza, nos últimos anos o *homo viator* coa ollada espreguizada pode gozar do paseo calmosiño de don Carlos a xeito de atlante polo Ensanche compostelán, co lombo agudo e as mans labregas termando dunha esfera invisible en que ten labrado palabra a palabra un cosmos de conceptos e as datas fundacionais dunha vida de creación filosófica ao servizo dunha raíz: Galicia na patria de Quireza ▮

Secretario da SIFA
Director do Colexio Maior Universitario San Agustín

Carlos Baliñas e Xaime Isla: unha época fermosa

Alba Iglesias Varela

Carlos Baliñas Fernández (Cerdedo, 1930) pode definirse de moitas maneiras, moitos adxectivos caberían nesta pequena crónica, pero salientarei un: galeguista. Ninguén se sorprenderá moito de que faga esta afirmación, o seu interese por Galicia, pola súa terra, a súa lingua, a súa cultura é evidente. Unha vida de estudo e investigación o atesta, pero tamén as súas obras publicadas, e outras moitas que agacha na súa casa, son testemuño disto. Así que, cando no ano 1977 se funda en Santiago de Compostela o Partido Popular Galego, un partido político galeguista e de centro que nace para apoiar a transición democrática e defender os intereses de Galicia, non nos podemos estrañar de que Baliñas fose un dos membros impulsores desta iniciativa. Cómpre ter en conta a situación en que esta empresa tiña lugar. Galicia estaba invadida por un apoliticismo acoirazado polo medo que perduraba da ditadura e que obrigaba, como di o propio Carlos Baliñas a "animar as persoas a que se definisen".

Pero non se circunscribían a Santiago os movementos galeguistas. En Vigo, berce da militancia galeguista dos anos cincuenta nacida no marco da xeración Galaxia, o noso protagonista é Xaime Isla (1915-2012), en estreita colaboración con Francisco Fernández de Riego e outros nomes ilustres. Xaime impulsa en Vigo un grupo galeguista unido polo sentimento democrático e o interese en revalorizar Galicia, reivindicando a súa lingua e a súa cultura. Arelas compartidas co profesor Carlos Baliñas, que colaborarán no proxecto político do Partido Popular Galego (PPG) que nace formalmente o sábado, 12 de febreiro de 1977 no hotel Peregrino de Santiago de Compostela. Xuntáronse alí

moitos galeguistas, de distintas ideoloxías, pero con intereses comúns, para formar, dende o entusiasmo e os desexos de cambio un partido galeguista de centro. Elixíronse democraticamente os cargos directivos, cabezas visíbeis das inquedanzas de tantos outros. Xaime Isla como presidente e Carlos Baliñas como vicepresidente. Dous pensadores pertencentes a dúas xeracións de intelectuais que compartían unha mesma estratexia política, isto é, construír un futuro democrático na Galicia.

Non foi a súa unha empresa doada. O entusiasmo e as ganas dun profundo cambio que compartían integrantes do PPG como Carlos Baliñas, Xaime Isla e Xerardo Fernández Albor, entre outros, bateron coas tensións doutras visións personalistas. Polo demais, malia os esforzos meritorios dos seus integrantes, o PPG foi un fracaso electoral. Case dous anos despois do seu nacemento, o 13 de xaneiro de 1979, o PPG desaparece cando os seus integrantes deciden cesar as actividades. Pero non foi un completo fracaso. As ideas que agromaron no PPG foron recollidas por outros partidos nados despois, satisfacendo as inquedanzas de moitos galegos. "Foi unha época fermosa" ▮

Investigadora da USC

Carlos Baliñas: pintor de bisontes

Carlos Mella

Quizais o mellor para dar unha volta ao redor de Carlos Baliñas sexa principiar por saber de quen estamos a falar; condición doada de cumprir, pois o propio persoeiro, no limiar da súa obra *Galicia de papel*, é quen nos facilita non só unha fotografía do que esencialmente é, senón tamén do cuño que lle apón ao seu actuar e o sentimento que lle imprime aos seus dicires: "Pertenzo a esa clase de galegos que van pola vida convencidos de que entre as obrigas dun mesmo está a de aportar algo ao seu país, aínda que non sexa máis que dándolle cheda ao carro que outros guían".

Como programa dun vivir ético non se pode dicir máis en menos palabras; así a vida non é só o que nos pasa, é un compromiso con nós mesmos e coa sociedade en que vivimos e que nos presta o zume nutricio sen o cal "esmorecen as gallas", en poética de Celso Emilio. Por iso Carlos Baliñas se impón obrigas para co seu país, comprométese a achegar algo ao acervo común; pero esa obriga decídea el mesmo, autonomamente, e nunca imposta por alleo catecismo. Cumpre coas súas obrigas; pero non admite, en fantástica expresión da súa propia invención, o "dereito de peneira" que tanto mesías político esixe, pois entón a obriga que cumprir xa non depende dun mesmo, non será independente, senón que todo dependerá de quen peneire. Carlos Baliñas non quere excluír a ninguén que queira sachar na leira comunal, pero tamén reclama o seu sitio na tarefa, incluso con certa xenreira dialéctica cando expresa: "Na vida tamén teñen o seu papel os vellos da tribo que, se non son quen de cazar, axudan a pintar o bisonte".

En cumprimento desa súa obriga, o noso homenaxeado mergúllase no campo ignoto da filosofía, ese saber que encolle o áni-

mo polo inxente da súa singradura. Segundo Baliñas, a ciencia ocúpase dos lugares e a filosofía do espazo, pero as dúas comunícanse a través da linguaxe. Xa Derrida avisara que as palabras non son inocentes, "nunca seremos quen de dicir exactamente aquilo que queremos dicir"; e tamén Wittgenstein confesaba que había que manter unha loita continua contra o encantamento que a linguaxe produce no noso entendemento. E cando Carlos Baliñas afirma que "pertenzo a unha clase de galegos", está a confesar que o Baliñas filósofo non é un ser diferente do Baliñas cidadán, que ten os pés ben chantados na terra e que filosofa auscultando a vida cotiá e analizando como esa cotianidade, como esas vivencias se introducen no dicir filosófico polo vieiro da retórica, que haberá que interpretar para dilucidar o sentido real do discurso ou do texto, mirando tanto o dito como o non dito.

E así, Carlos Baliñas converte a hermenéutica e a filosofía, segue proporcionándonos "totalidades de sentido", e nos demostra que "o vello da tribo" está para maiores aventuras que "pintar o bisonte". Claro que iso xa o sabiamos ▮

Presidente da Fundación Castelao

Carlos A. Baliñas Fernández in Italia

Antonio Pieretti

Nel congratularmi con la Fondazione de Cultura Gallega "Ramón Otero Pedrayo" per la scelta compiuta nel conferimento del Premio Trasalba, accetto con immenso piacere l'invito che mi è stato rivolto a fornire un mio contributo per rendere omaggio a Carlos A. Baliñas Fernández. E non temo di essere sopraffatto dall'onda dei sentimenti, perché ritengo che sia questo lo stato d'animo più autentico con cui si può parlare di un maestro e di un amico.

Ho conosciuto Carlos circa venticinque anni fa, in occasione di un Congresso internazionale di filosofia che si è tenuto a Santiago de Compostela. Artefice di questo indimenticabile incontro è stato il suo alunno prediletto e mio amico Marcelino Agís Villaverde. Ci siamo poi rivisti tante altre volte, non solo in Galizia, ma anche in Umbria, dove Carlos, accompagnato dalla sua adorabile consorte, ha tenuto un magistrale ciclo di conferenze. Fin dal primo momento, mi hanno affascinato l'afflato umano e la coinvolgente simpatia che scaturiva da ogni sua parola e da ogni suo gesto. Mi sono sentito alla presenza di un fratello, capace di farti trovare sempre a tuo agio e di riservarti ogni cura e ogni attenzione. Desideroso di immergermi negli usi e nei costumi della realtà spagnola, ho incontrato in lui un sapiente e generoso interprete delle mie aspirazioni.

Con il passare del tempo ho scoperto in Carlos un uomo innamorato della sua terra. Mi ha fatto conoscere la Galizia in tutta la sua estensione geografica e in tutta la sua vicenda storica. Mi ha fatto apprezzare le tradizioni e le bellezze di questa straordinaria terra, rendendomi partecipe della sua intensa spiritualità.

Affascinato dal suo eloquio fluido e accattivante, mi sono avvicinato ai suoi studi, dai più antichi ai più recenti. Ne ho ricostruito lo svolgimento e mi sono reso conto che i suoi molteplici interessi erano motivati da un'attrazione particolare che provava per il linguaggio iconico. Per questo il suo itinerario di filosofo si è sviluppato dalla fenomenologia all'ermeneutica, offrendo contributi innovativi e assolutamente originali. D'altra parte, nella metafora riecheggiano i molteplici sensi che si annidano nel reale. L'impegno euristico che essi richiedono consentono alla filosofia di assumere una fisionomia ben determinata e tale da renderla diversa da ogni altra attività umana. Nella metafora

sono all'opera il detto e il non detto, senza che l'uno abbia il sopravvento sull'altro. Per questo essa dà a pensare e rappresenta il luogo simbolico in cui trova espressione l'anelito dell'uomo nella sua aspirazione verso l'infinito ▮

Professore di Filosofia Teoretica
Università degli Studi di Perugia

Don Carlos

Luís Reimóndez

Díxome unha chea de veces que o apease do tratamento, que o atuase, mais non son quen de facelo. E iso que me demostrou dende hai moitos anos unha sincera amizade e confianza que, por suposto, son recíprocas.

Compartín co catedrático longos paseos polas rúas de Compostela, pola frondosa Ferradura, e tiven a sensación de atoparme dentro das páxinas do seu delicioso libro *Compostela, corazón adentro.* Mergullámonos xuntos nos máis recónditos lugares da súa terra natal, Terra de Montes, visiteino varias veces na casa museo de Vilarchán —esa que debería converterse na sede da Fundación Carlos Baliñas—, onde garda celosamente libros, obxectos, apeiros de labranza, coida árbores e plantas que el mesmo sementou e senta a contemplar a paisaxe, a meditar, a deixar que os recordos aflúan mentres saborea un vaso de auga fresca ou un trago de cervexa, se se terza. Visiteino tamén en San Vicente do Mar, nese refuxio que foi construíndo aos poucos para reunir a familia e descansar uns días ao ano, tendo como fondo as maxestosas illas Cíes. Para que os amigos atopasen o lugar, ocorréuselle espetar un mastro ben alto e izar nel a bandeira de Galicia, fermosa maneira de indicar onde fica un galego.

Subimos un día ao castro que lle dá nome á parroquia estradense de San Miguel de Castro, miradoiro natural onde aparecen restos arqueolóxicos, que ten por alfombra o caudaloso Ulla, e dende o que se divisa unha ampla comarca que abrangue o territorio de máis de quince concellos. A pesar de que don Carlos é un home valente que atravesou varias veces a Península Ibérica, conducindo un daqueles lendarios Seat 600 ateigado de nenos e equipaxe, mostrou certo receo en subir ao monte no meu vello "todoterreo" ruso. Tranquiliceino dicindo que coche e condutor eran de fiar, pois ambos tiñamos costume de facer aquel empinado ascenso. Por outra banda, eu "xogaba na casa", polo que me interesaba amosarlle os meus coñecementos xeográficos ao catedrático. Chegados ao cumio, e nada máis poñer pé en terra, don Carlos deume unha auténtica lección de xeografía, de historia, e mesmo de orientación, demostrando unha vez máis que, cando tes diante un sabio, o máis intelixente é escoitar. Por se fose pouco, ao baixar, a cafeteira rusa decidiu picar unha roda, momento que aproveitou o profesor para esconder tras da cámara de fotos un irreprimible sorriso que rematou en gargallada, mentres fotografaba o meu suor para arranxar o asunto.

Falaría durante horas deste home culto, equilibrado e senlleiro que apunta na area os defectos dos amigos e converte a charla en ensinanza sen fachenda, con naturalidade. Falaría da súa relación coa Estrada. Falaría do filósofo do que tantas cousas aprendín sobre a vida e sobre a morte. Falaría da súa frutífera e franca amizade con Manuel Reimóndez Portela… Agardo e desexo que os nosos paseos e conversas se prolonguen durante moitos anos aínda que, iso si, seguireino chamando don Carlos ▮

Presidente da Fundación Neira Vilas

O legado filosófico de Carlos Baliñas

Yakelín Rodríguez Agüero

Un novo sistema de pensamento enriquece hoxe a filosofía e o coñecemento humano. As súas bases foron forxadas no interese polas metáforas, pero os seus rumbos abarcan a vida cotiá e os amplos horizontes de como funciona a nosa mente. Tratase do Pensamento Icónico, unha proposta hermenéutica do filósofo Carlos Baliñas Fernández que dende principios dos anos oitenta vén consolidándose.

En diálogo con actuais estudos lingüísticos e realizando unha exhaustiva revisión das teorías máis representativas do papel da metáfora na interpretación do texto, Baliñas introdúcenos nunha metodoloxía pouco común para analizar o discurso filosófico. Metáforas, símbolos, iconas, símiles, e en xeral todo o conxunto de imaxes presentes no texto de filosofía son os verdadeiros protagonistas nesta ocasión. A súa análise mostra semellanzas e correspondencias coa vida cotiá que actúan de forma cisconsciente configurando unha linguaxe subsidiaria (plástica, icónico-simbólica), paralela ao texto principal que delata como está construído o corpo doutrinal, como o autor organiza o seu mundo conceptual e como funcionan na súa mente determinadas estruturas que escapan á censura racionalista.

A metáfora filosófica, unha denominación xa utilizada por Ricoeur en *La metaphore vive*, toma unha dimensión dentro do Pensamento Icónico que transcende a súa función heurística. Por unha banda, establécese como construción delatora das conexións de sentido que se repiten de doutrina a doutrina e de autor a autor. Por outra, a natureza icónica que a caracteriza pon ao descuberto a capacidade imaxinativa da nosa mente para transferir elementos dun campo de sentido a outro. Son difíciles de recoñecer porque elas veñen mortas nos étimos dos conceptos e fanse visibles a partir das redes de sentido que crean ao redor da doutrina á que pertencen como tamén a outras adxacentes.

A aplicación do método icónico pon ao descuberto o camiño para realizar unha interpretación do texto que transcenda o simple interese de estudar o que dixo ou quixo dicir o seu autor. O obxectivo é amosar como se constrúe o escrito. Os sistemas filosóficos reproducen cadros de sentido da vida cotiá a través da metáfora.

Sen dubida, Carlos Baliñas deixa un valioso legado á tradición filosófica galega e unha importante contribución á Escola Hermenéutica Compostelá, da que foi fundador e impulsor ▮

Doutora en Filosofía (USC).
Realizou a tese de doutoramento sobre
o pensamento de Carlos Baliñas

GALICIA



FOTOBIOGRAFÍA

Casa dos antergos restaurada

O pequeno Carlos no verán de 1935

Coa súa nai e os irmáns, 1940

Carlos Baliñas contra 1946

Segundo pola dereita, con nenos do coro da catedral de Santiago, 1942

Cos pais, os irmáns e a cuñada en 1950

Carlos Baliñas cumpriu o servizo militar na Milicia Universitaria,
no campamento de La Granja (Segovia). Agosto de 1957



En 1959 consegue unha bolsa do goberno de Baviera para ampliar estudos na Universidade de Múnic

Carlos Baliñas, segundo pola esquerda, con Otero Pedrayo
e alumnos da Universidade de Santiago, c. 1957

Con profesores da Universidade de Barcelona, 1968

En outubro de 1960, ao pouco de casar en Pontevedra con María del Carme Luisa Pérez Pereira o 8 de febreiro de 1960

Os fillos do matrimonio

Os netos

Toma de posesión da nova xunta de Goberno do Padroado Rosalía de Castro en decembro de 1970

Comisión do Padroado Rosalía de Castro: Avelino Abuín de Tembra, Carlos Baliñas, desconecido, Avelino Pousa Antelo, Rodolfo López-Veiga, descoñecido e Gonzalo Rey Lama

Instituto Otero Pedrayo en Ourense

Dedicatoria de Ramón Otero Pedrayo con motivo da publicación de *Parladoiro*, unha selección de artigos de prensa publicada en 1973. O volume organizouno e editouno Carlos Baliñas

A Carlos Amable Baliñas,
tenaz xurdio das carballeiras
da Terra de Montes, pensador ori-
xinal dizo dos tempos ori-

Parladoiro

xinarios da Grecia que son os da
Galiza, e das sinteiras sidereas
do Lesson, e por riba de to-
do moço pelego "bon e xenaio"
ca aperta do vello amigo,
cheo de inmorrente agrale-
cimento,

Ramón Otero Pedrayo

Ourense, mes das melhas 1973

En 1970 accede a unha cátedra da Universidade de Santiago de Compostela. Na foto, na lección inaugural do curso 1979-1980

Na Festa do Canteiro, Cerdedo, 1973

En Santiago de Compostela con Xosé Manteiga Pedrares e Emilio Lledó, c. 1975, nos seus tempos de decano da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación

O 15 de xullo de 1975 nun acto na Casa de Rosalía en Padrón. Detrás del, Gonzalo Torrente Ballester.

Na Misa de Rosalía en 1976

No Panteón de Galegos Ilustres, acompañando ao presidente do Centro Galego de Buenos Aires, Juan Manuel Pérez, 1974

Coa promoción universitaria 1970-1980 na casa de Vilarchán

Carlos Baliñas foi vicepresidente do Partido Popular Galego, que formaba parte do Equipo Demócrata Cristiano del Estado Español. Na foto, con Xerardo Fernández Albor, Fernando García Agudín e José María Suárez Núñez, nunha reunión con Joaquín Ruiz Giménez, na campaña electoral das eleccións xerais de 1977

Promotores da restauración do mosteiro de Acibeiro, c. 1988

Acompañando ao profesor Jose Luís López Aranguren. Santiago de Compostela, 1981

Bieito Ledo, Carlos Casares, Agustín Sixto Seco, Ramón Piñeiro e Carlos Baliñas na Casa de Rosalía, 1982

San Vicente do Mar, 1985

En 1988 copresidiu, coa profesora Anna-Teresa Tymieniecka,
o primeiro Congreso Mundial de Fenomenoloxía, 1988

Recepción do presidente Xerardo Fernández Albor no pazo de Raxoi ao padroado Rosalía de Castro, 1985

Con Julian Marías en 1989

Con membros da redacción da revista *Coordenadas*. Entre outros Miguel Cancio, Julio Cabrera, Guillermo Domínguez, Ramón García Balado e Bernardo París, 1990

Con Andrés Ortiz Osés e Paul Ricoeur na illa da Toxa, 1992

Con Agustín Sixto Seco nunha visita ao reitor da Universidade de Santiago Darío Villanueva, 1993

Cos membros do Pedrón de Ouro, 1995

Padriño de Paul Ricoeur no seu nomeamento como doutor Honoris Causa da USC, 1996

Con Agustín Sixto e Domingo García-Sabell,1997

Membros fundores da Sociedade Universitaria de Filosofía (SIFA): César Raia, Alberto Sucasa, Marcelino Agís, Carlos Baliñas, Sergio Vences e Jesús Ríos

No ano 2000, recibiu a Medalla Castelao da Xunta de Galicia

Co ex-presidente arxentino Raúl Alfonsín no ano 2000

Con Xosé L. Franco Grande nos hórreos de Filgueira, 2000

En Stonehenge, 2002

En 2002 recibiu a insignia de ouro da Universidade de Santiago de Compostela

Víctor F. Freixanes, Marcelino Agís, Senén Barro, Darío Villanueva e Carlos Baliñas na presentación do libro homenaxe a Domingo García-Sabell publicado pola Universidade de Santiago en 2004

Co presidente da Asociación de Fillos e Amigos da Estrada

Cerimonia de ingreso na Orde da Vieira, 2004

Con Agustín Dosil, en San Vicente do Grove, 2005

Nun acto de homenaxe a Xerardo Fernández Albor, acompañado de Marcelino Agís e Agustín Dosil, 2008

Con Marcelino Agís, Xaime Isla e Cristina Novoa, en Raxó no verán de 2005

Con Marcelino Agís. Nara, Xapón, 2010

Yakelín Rodríguez Agüero defendeu a súa tese de doutoramento, *Metáfora filosófica y pensamiento icónico. Aproximación a la obra de Carlos Baliñas Fernández*, 2016

Membros da Sociedade Interuniversitaria de Filosofía (SIFA): (de pé) Marcelino Agís, Carlos Baliñas, Xosé Luís Pastoriza e Javier Barcia. (Sentados) Jesús Ríos, Alba Iglesias e Luis Rodríguez Camarero, 2016

Patricia Arias Chachero, Xesús Alonso Montero, Afonso Vázquez Monxardín, Antón Pulido, Bieito Ledo e Carlos Baliñas, membros da Fundación Otero Pedrayo, 2016



Na casa de Vilarchán


アヒス教授
宗教と

CRONOBIOGRAFÍA

1930

16 de decembro. Nace na parroquia de San Tomé de Quireza (Cerdedo, Pontevedra).

1939

Gaña por oposición unha praza de Neno de Coro da catedral de Santiago. Desde o 26 de decembro reside no pazo de Raxoi.

1941-1948

Cursa no Seminario de Santiago os estudos correspondentes ao Bacharelato.

1948- 1949

Outubro. Grazas a unha bolsa de estudos, pasa á Universidade de Comillas (Santander). Curso de especialización en Humanidades Clásicas (CEHUC).

1949-1952

Licenciatura en Filosofía.

1952

Obtén o grao de licenciado e deixa a carreira sacerdotal.

1954-55

Grazas a unha bolsa de estudos dun organismo oficial fai os dous cursos chamados Cursos Comúns da carreira de Filosofía e Letras, en Santiago de Compostela.

Agosto: Bolseiro para un curso de verán na Universidad Internacional Menéndez y Pelayo.

1956-1957

Cursa na Universidad Complutense (Madrid) a licenciatura en Filosofía e Letras (Sección de Filosofía). Cualificación: Premio Extraordinario.

Xuño-setembro: campamento da IPS en La Granja. Sae alférez.

1957-58

Cursos de doutoramento. Profesor axudante de Estética (catedrático José María Sánchez de Muniain) e de Historia da Filosofía Antiga (catedrático: Santiago Montero Díaz).

1959

Bolseiro do Goberno de Baviera. Amplía estudos na Universidade de Múnic.

1960

26 de xaneiro: catedrático do Instituto de León.

8 de febreiro: casa na basílica de Santa María a Maior (Pontevedra) con María del Carmen Luisa Pérez Pereira, licenciada en Filosofia e Letras.

Segunda estancia en Múnic, cunha bolsa da Fundación Juan March.

1961

8 de marzo. Nace o seu primeiro fillo, José Carlos, Virán catro máis.

1962

Catedrático do Instituto Santa Irene de Vigo, por traslado.

23 de novembro. Defende a tese de doutoramento na Universidad (Complutense) de Madrid. Cualificación: Sobresaliente con opción (a Premio Extraordinario).

1964-1967

Catedrático no Instituto Arcebispo Xelmírez, por traslado.

1965

Xaneiro. Profesor encargado de curso na Facultade de Filosofía e Letras, Universidade de Santiago.

Sae en Madrid o primeiro número da revista *Aporía*.

Publícase o libro, *El acontecer histórico* (Madrid: Rialp).

1966

Adxunto por oposición na Facultade de Filosofía e Letras, USC.

1967

Profesor agregado por oposición de Historia de los Sistemas Filosóficos na Universidad de Barcelona.

1968-1970

Profesor agregado numerario da Universidad Complutense, por traslado.

1968

Publícase *El pensamiento de Amor Ruibal* (Editora Nacional).

1969

Premio Raimundo Lulio do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (SIC) polo libro *El pensamiento de Amor Ruibal*.

1969

Setembro. Congreso de Amor Ruibal en Santiago. (X Semana de Filosofía).

1970

Xaneiro. Catedrático da Universidade de Santiago.

1970

Decembro, 29. Toma posesión unha nova Xunta de Goberno do Padroado Rosalía de Castro, presidida por Agustín Sixto Seco. Permanecerá no posto trinta e cinco anos.

1971

15 de xullo. Inauguración da Casa de Rosalía.

1972

15 de xullo. Inauguración do Museo de Rosalía. Socio cofundador da Asociación de Amigos do mosteiro de Acibeiro.

1973

Presentación do *Parladoiro* de Otero Pedrayo (tomo I das *Obras selectas*) en Ourense.

Agosto. Leccións na Universidad Internacional Menéndez y Pelayo.

1974

9 de xaneiro. Comezan as clases do primeiro curso da "División" de Filosofía e Ciencias da Educación.

1974

Semana Santa. Primeiras vacacións na casa que restaurou en Vilarchán.

1974-1975

Decano da Facultade de Filosofía e Letras.

1975

Marzo. Divídese a Facultade de Filosofía e Letras en tres. Decano da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación.

1977
Marzo. Vicepresidente do Partido Popular Galego (PPG).

1977
Candidato a senador dentro das chamadas "candidaturas democráticas". Non sae elixido, aínda que obtén máis de cen mil votos.
Xuño. Asesor do Consejo de Rectores.
Publicación de *Pensamento galego I* (editado por SEPT).

1978
17-19 de marzo. Salamanca. Pronuncia o relatorio inaugural do coloquio "Convivencia de culturas en la península Ibérica".

1979
Membro da Comisión de la Caixa de Aforros de Santiago que negocia la fusión con CaixaGalicia
28 de setembro. Morre a nai. Nestes anos é vicepresidente do Instituto Padre Sarmiento do CSIF.

1980
Primeiras vacacións na casa de San Vicente.

1981
Pregón das festas da Peregrina en Pontevedra.
Decembro: cesa como decano da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación.

1982
Vicepresidente do Consello de Administración de *El Ideal Gallego*.

1983
Presentación dos *Ensaios* de Otero Pedrayo.

1984
7 de xaneiro. Falece o pai.
Novembro. Simposio sobre "Filosofía y ciencia en el Renacimiento", USC.

1986
Electo director do Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social.
Publícase a revista *Ágora. Papeles de Filosofía*.

1987
Libro: *Rosalía de Castro entre a poesía e a política*.

1998
Primeiro Congreso Mundial de Fenomenoloxía. Copresidente do Comité Organizador coa profesora Anna-Teresa Tymieniecka.

1990.
1 de xaneiro. Botan a andar as novas universidades de Vigo e A Coruña.
Febreiro. Conferencias en Toulouse.
4 de maio: cesa como director do Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social.

1991
Viaxe a Italia (Perugia, Roma), con Marisa.

1993
Viaxe a Perugia.
29 de marzo. Conferencia en Roma, na Universidade Tor Vergata.
23 ao 25 de setembro. I Encontros Internacionais de filosofía no Camiño de Santiago: "O discurso filosófico".

1994
27-29 de outubro. Participa nun Congreso en Lecce (Italia).

1995
Viaxe a Italia.

1997
Abril. Conferencias en Perugia.
Homenaxe e publicación do libro *La filosofía y sus márgenes*.

1999
Morte da esposa no Porto (Portugal).

2000
Medalla Castelao (Xunta de Galicia).
Conferencias en Perugia.

2001
13-15 de xullo de 2001. Relatorio Congreso en Berlín.
Viaxe a Gran Bretaña.
Xubilación. Nomeamento de profesor emérito.

2004
Confrade da Orde da Vieira.
Febreiro. Viaxe a Viena.
Maio. Viaxe a Amsterdam.
26 de xullo. Cesa como vicepresidente da Fundación Rosalía.

2006
Publicación de *A tarefa do pensar* (libro homenaxe).
Insignia de Ouro da Universidade de Santiago.

2007
Viaxe a Baviera.

2008
Estancia en Berlín, Dresde e Weimar.

2009
Viaxe a San Petersburgo.

2010
Xullo. Viaxe a Bulgaria e Istambul.
Novembro. Viaxe ao Xapón.
2 de decembro. Estancia en París.

2011
Xuño-xullo: viaxe a Bruxelas e Flandres.
Premio San Martiño da Asociación Cultural O Brado (A Estrada).

2013
26-28 de setembro. XX aniversario do Primeiro Encontro Internacional de Filosofía no Camiño de Santiago. Exposición conmemorativa, Celebración dos XII Encontros Internacionais de Filosofía no Camiño de Santiago: Identidade, Memoria e Historia.

2014
"Vinte anos de filosofía en camiño" (libro conmemorativo da SIFA, coa colaboración da Fundación Isla Couto).

2015
Cesa como presidente da Asociación Terra de Montes.
Presentación do libro *O Val de Quireza*.

2016

Yakelín Rodríguez Agüero defende a tese "Metáfora filosófica y pensamiento icónico. Aproximación a la obra de Carlos Baliñas Fernández".

2017

20 e 21 de abril. Relatorio nun congreso da Universidade de Coimbra.

Recibe o Premio Trasalba.

Este libro, *Un parladoiro de ideas*,
homenaxe da Fundación Otero Pedrayo
a Carlos Baliñas Fernández, Premio Trasalba,
rematouse de imprentar
o 23 de xuño de 2017